

A VIDA POR DIANTE



UNHA PRODUÇION DE

VOZ

AGENCIAMENTO

PARA



**A Vida por diante** é unha serie semanal que conta a loita de cinco mulleres por sacar adiante as súas familias despois de que o barco que tripulaban os seus homes afundiuse deixándoas viúvas.

**A vida por diante** é unha serie que pretende contar esa realidade tan presente no panorama galego... unha realidade sen restricións, tal cal é, sen ocultar o drama pero tampouco a comedia. Porque A Vida por diante non é a historia das penurias de cinco familias se non que tamén é unha historia de novas ilusións, de novas formas de ver a vida, de novos amores, de sorrisos en momentos difíciles, da busca da felicidade, da construción de amizades indestrutibles, do bo facer de xente que, aínda co recordo da morte dun ser moi querido, quere volver a empezar.

**A vida por diante** é unha serie que ante todo pretende mostrar que sempre, ata nos peores intres, hai unha vida por diante.



CONTEXTO



## CONTEXTO

No porto dunha vila galega os mariñeiros do “Santoña”, un pequeno barco de pesca, realizan os preparativos para, esa mesma tarde, saír ó mar.

Eles e as súas familias levan xa un mes en terra despois da última longa tempada na que estiveran fora e agora que se achega, de novo, o intre de separarse tentan aproveitar o máximo posible as súas últimas horas xuntos.

As vidas das familias dos seis mariñeiros volven a normalidade xusto cando o barco desaparece tras o espigón do porto. Pero por pouco tempo, xa que algo altera repentinamente as súas vidas... unha desafortunada chamada no medio da noite cámbiao todo para sempre. O Santoña afundiou e soamente hai un supervivente.

Tralos primeiros momentos de incerteza, mentres non se teñen novas sobre quen é ese único supervivente, as mulleres que quedan



viúvas terán que facerse cargo da situación e tirar a diante coas súas familias como facían antes... Aínda que esta vez sen a ilusión de que dentro dun mes os seus homes arribarán a porto.

Así as cousas, Lucía, a muller do patrón do Santoña asumirá o papel de voceira das viúvas, agora que teñen que estar unidas para tratar de saber que ocorreu realmente no barco.

Esta será unha das mais duras batallas ás que as recentes viúvas se terán que enfrontar, pero de ningunha maneira a única. Agora terán que aprender a levalas contas, a exercer de pai e nai para os seus fillos, a conterse as lágrimas a cada intre. Terán que aprender a vivir cun recordo que non queren esquecer pero que tampouco queren que controle o resto das súas vidas... terán que volver a sorrir polos seus e por elas mesmas, pois o fin e o cabo quedalles toda unha vida por diante.



# FICHA TÉCNICA

## FICHA

Título  
**A vida por diante**

Produtora  
**Voz Audiovisual S.A. para TVG**

Duración  
**60'**

Xénero  
**Drama**

Idioma  
**Galego**



## **EQUIPO TECNICO**

### **Producción Executiva**

Ramón Campos  
Alfonso Blanco

### **Director**

Carlos Sedes

### **Dirección artística**

Inés R. Sacristán

### **Director de Fotografía**

Xosé Manuel Neira

### **Idea orixinal**

Ramón Campos

### **Edición de Guións**

David Ríos  
Ramón Campos

### **1º Axudante de Dirección**

Carlos Davila  
Tania Rodríguez

### **Xefa Producción**

Ana Miguez

### **Vestiario**

Maria Seoane

### **Maquillaxe**

Susana Veira

### **Son**

Alfonso Couceiro

### **Música**

Nani García



## EQUIPO ARTISTICO

LUCÍA.....Belén Constenla

SOFÍA.....Mela Casal

AURORA.....Berta Ojea

RENATA.....María Salgueiro

MARTA.....Olalla Salgado

QUIQUE.....Tamar Novas

EUSEBIO.....Xavier Deive

BERNARDO.....Víctor Mosqueira

XESÚS.....Lino Braxe

ROBERTO.....Jose Arca

CHANO.....Jorge Ricoy

CRISTINA.....Isabel Risco

MILA.....Sara Vidal

ALICIA.....Irene Álvarez



PERSONAXES

## PERSONAXES

### **Lucía Torres**

40 anos. Viúva de Celso, o patrón do Santoña.

Unha líder nata. Non está disposta a renderse pola morte do seu home. Vive co seu sogro, Chano, e cos seus dos fillos, Quique e Mila. Ela é o motor da unión das viúvas do Santoña. Lucía intenta transmitirilles optimismo a todos os que están ao seu redor, os seus esforzos céntranse en superar a situación sen ceder ao dramatismo.



### **Aurora Mariño**

47 anos. Viúva de Manuel, un dos mariñeiros do Santoña.

Vitalista e faladora, gústalle arranxarse e ir sempre de punta en branco. Quería a seu home con loucura. Non aturará ficar soa na casa. Ten unha filla de 21 anos, Carme, que vive en Alemaña, onde estudia medicina. Traballa como perruqueira nun local da súa propiedade.





### **Sofía Fornas**

60 anos. Viúva de Emilio, un dos mariñeiros do Santoña.

Faladora, odia os silencios. É unha muller de profundas crenzas relixiosas, moi amable e cariñosa.

Sen fillos, a morte do seu home deixa a Sofía soa, aínda que non por moito tempo.

Traballa cosendo para unha empresa textil, pero a diabete que padece sumada á idade que xa ten vai repercutir no seu ritmo de traballo.



### **Renata Hermo**

30 anos. Viúva de Alfredo, o cociñeiro do Santoña.

Muller seria e introvertida. A vida non lle deu todo o que agardaba dela, a excepción dunha filla, Alicia (10 anos), á que ama con loucura.

Aínda que á vista do mundo eran unha parella ideal, Renata xa non quería ó seu home e estaba agardando a súa volta desta marea para pedirlle a separación. Así pois, aínda que sinte a morte de seu marido, para ela a viuvez non é un trauma igual que para o resto.

Desde hai un tempo mantén unha relación amorosa segreda con Eusebio, outro dos mariñeiros do Santoña.



### **Marta Iglesias**

23 anos. Filla de Xesús, o armador do Santoña, e moza dun dos mariñeiros falecidos no Santoña, Carlos.

Marta é unha rapaza do seu tempo. De forte carácter non lle gusta que a traten como unha rapaza nin que lle intenten manexar a vida e por iso ten enfrontamentos constantes con seu pai.

Fáltalle unha asignatura para conseguir a licenciatura en Historia.

A vida de Marta dará un xiro radical tras o afundimento do Santoña e a morte do seu mozo.



### **Bernardo Miguéns**

41 anos. Xornalista dun xornal na vila.

Apaixonado polo seu traballo, ten un indiscutible olfato profesional. Tomarase en serio cada reportaxe mesmo contra a opinión dos seus xefes.


É un tipo insobornable e de rexas conviccións éticas, que non tarda en adaptarse á vila e ao seu novo destino profesional. Coñece ás viúvas cando lle toca cubrir a traxedia do Santoña.



### **Chano Beiro**

75 anos. Pai de Celso, o marido de Lucía,

Chano traballou toda a vida no mar. Viúvo dende hai uns anos trasladouse a vivir con seu fillo. Home de poucas palabras pero de forte carácter. Tenta axudar a súa nora en todo o que pode pero non deixa de dar a súa opinión sobre o modo de actuar de Lucía. Pasa moito tempo na casa e lévase moi ben coa súa neta Mila.



### **Quique Beiro**

21 anos. Fillo de Lucía.

Quique intenta sacar, mal que ben, os seus estudos de informática de grado medio.

O futuro para el é algo borroso que, en todo caso, está moi lonxe.

Independente e de forte carácter. Ten fortes discusións coa súa nai até que comprende que debe servirille de axuda, non ser unha constante fonte de problemas.



### **Roberto Vilas**

37 anos. Dono da tasca da vila, namorado en segredo de Renata.


Roberto é un home sen grandes aspiracións na vida aparte de vivir tranquilo. Servicial sempre está disposto a axudar a aquel que o precise. Tranquilo e pausado adica a maior parte do seu tempo ó traballo.



### **Alicia Suárez**

10 anos. Filla de Renata.

Alicia é unha rapaza intelixente e moi avispada para a súa idade. Trala morte do seu pai vólvese mais introvertida e a realción coa súa nai empeora; Alicia non lle perdoa que tivese unha relación con outro home.



### **Mila Beiro**

10 anos. Filla de Lucía

Espelida e vitalista cústalle moito asimilar a morte de seu pai.

Ten unha boa relación con Quique salvo as típicas riñas entre irmáns.

Lévase moi ben co seu avó que se converte no seu confesor trala morte do seu pai ó que tiña nun pedestal.



### **Xesús Iglesias**

50 anos. Armador do Santoña e pai de Marta.

Home traballador e sacrificado. Loitou para sacar adiante só á súa filla tras a morte da súa muller aínda que a relación entre eles hai tempo que non pasa por un bo momento.

Como armador será o responsable directo do afundimento do barco.



### **Eusebio Barreiro**

37 anos. Mariñeiro do Santoña.

Uns meses antes do naufraxio empezou unha aventura con Renata que se converteu nunha relación seria. Quere que Renata se separe do seu home e vivir con ela.



### **Cristina Fabeiro**

22 anos. Traballa na perruquería de Aurora como axudante.

Rapaza decidida e traballadora. A traxedia do Santoña fai que saia o mellor dela para servir de compañia e apoio á súa patroa, coa que ten unha relación case de nai e filla.



# ES CENOGRAFIA



# ESCENOGRAFIA

## CASA DE LUCÍA

Casa de dous andares a cinco minutos da vila. Ten unha pequena horta que a Celso, o marido de Lucía, lle gustaba coidar cando estaba en terra. Como Celso era un milmañas estaba reparando certas cousas da casa que agora quedaron a medio facer. Lucía será a encargada de rematalas a medida que vaia superando a morte do seu home. Sen demasiados luxos, a casa ten un estilo uniforme, no que nada desentoa.

- Dormitorio de matrimonio.
- Cociña, con mesa ampla para todas as comidas do día.
- Salón.
- Horta con roseira e magnolio na fronte da casa (EXTERIOR).





## CASA DE AURORA

Trátase dun piso no centro da vila. Decorado con gusto pero con mobles que xa piden unha renovación. Non é demasiado grande pero o suficiente para unha familia de tres membros. Sen moitos luxos pero con todo o necesario para a vida dunha familia acomodada.

-Dormitorio de matrimonio.

-Salón.



## PERRUQUERÍA AURORA

É unha perruquería que leva aberta uns quince anos, pero Aurora xa peiteaba á xente da vila moito antes diso. É unha perruquería que mantén o look de hai vinte anos e que soe estar chea de xente, pois reúne cada día ás laretas da zona que non ten máis que facer que falar dos demais. A perruquería será tamén o lugar de encontro entre as viúvas, xa que Aurora está totalmente entregada no seu traballo e para falar con ela acoden alí.



## PISO DE RENATA

Piso de Renata

Piso modesto no centro da vila herdado polo seu home. Empezaron a reformalo hai anos, pero os cartos rematáronse. Logo o matrimonio entrou en crise e a casa quedou a medio facer. Ten zonas ben arraxadas e outras descoidadas.

- Dormitorio de matrimonio.
- Sala de estar e cociña.



## PISO DE SOFÍA

Trátase dunha casa de planta baixa no centro da vila. Decorada ós poucos, ten moitos obxectos traídos polo seu home das viaxes polo mundo. Esa mestura de estilos sen moito gusto fai que a casa sexa un lugar estraño para vivir. Nos estantes descansan multitude de fotografías de familia, sobre todo dos sobriños. O piso ten unha galería na que Sofía ten a máquina ca que cose por encargo.

- Cociña.
- Salón.



## CERVEXERÍA DE ROBERTO

Un local ben acondicionado nunha rúa de bares e cafeterías. Este será, principalmente, o lugar de encontro. Decorada en madeira ó estilo das cervexerías irlandesas.

## DESPACHO DE XESÚS

Situado nunha nave no peirao.



S I N O P S I S

## SINOPSIS

### Capitulo 1

#### "VIUVAS DO MAR"

Só queda un día para que os mariñeiros do Santoña, un pequeno barco de pesca, saian de novo ó mar. Lucía, Marta, Sofía, Renata e Aurora tentan aproveitar ó máximo os últimos momentos xunto ós seus homes. Pero chega o momento da partida e tras ver desaparecer o barco polo espigón do porto a vida das familias dos mariñeiros volve á rutina de sempre; as mulleres fanse cargo da situación mentres esperan ilusionadas a volta dos seus homes sans e salvos.

Só que esta vez esa ilusión verase truncada cunha desafortunada chamada no medio da noite... o Santoña sufriu un grave accidente e afundiou. Dos seis homes que tripulaban o barco somentes hai un supervivente.



## Capítulo 2

### **“FERIDAS ABERTAS”**

As viúvas dos cinco mariñeiros falecidos e as súas familias tentan saír a flote tras a desgraza.

Pero á dor pola perda dos seus homes xúntase unha terrible noticia que aparece publicada no xornal, e que saiu dos beizos do único supervivinte: pode que o afundimento do Santoña non fose un simple accidente...

## Capítulo 3

### “CAUSA COMUN”

Aurora, afectada pola noticia de que a radiobaliza non era a única medida de seguridade da que carecía o Santoña, decide investigar a verdade do afundimento. Pero o resto das viúvas non están pola labor de remexer máis no asunto. Renata está moi ocupada intentando atopar traballo para manter á súa filla, Sofía, sumida na depresión despreocúpase de todo, ata da súa saúde...

Pero unha conversa, que Marta escoita sen querer, entre seu pai e Eusebio (O supervivente do naufraxio) pode cambiar curso dos acontecementos e unir ás viúvas baixo unha causa común.

## Capitulo 4

### “TEMPOS DUROS”

O accidente de Sofia provoca unha grande conmoción no resto das viúvas, que se unen para coidala. Marta ofrécese a quedar con ela no hospital e isto provoca un achegamento entre Sofía e ela. Ata chegar ó punto de que Marta lle confesa que está embarazada.

Por outra banda, Lucía e Aurora están dispostas a acudir a un avogado para denunciar a Xesús. Esta decisión separa ó grupo de Renata que cree que Agora mesmo ten cousas máis importantes nas que investir os cartos que en un avogado.



## Capitulo 5

### **“APRENDENDO A VIVIR”**

Semella que as cousas non melloran para as viúvas. Sofía, que aínda non saiu do hospital, sofre unha nova recaída. Renata continúa cos seus problemas económicos... e Marta segue enfadada con seu pai. Por outra banda Xesús, que tampouco pasa por un dos seus mellores momentos decide facerlles unha oferta económica ás viúvas a cambio de que a denuncia contra el non chegue aos xulgados.